

JUAN JOSÉ LEGARRA, NOVO PRESIDENTE DA SOCIEDADE ESPAÑOLA DE CIRURXÍA CARDIOVASCULAR E ENDOVASCULAR (SECCE)

- *O Dr. Legarra, xefe de servizo de Cirurxía Cardíaca do CHUVI, releva no cargo a Jorge Rodríguez-Roda, xefe de servizo de cirurxía cardíaca do Hospital Ramón e Cajal, de Madrid*

Vigo, 13 de xuño de 2024. Juan José Legarra, xefe de servizo de cirurxía cardíaca do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) e, ata o de agora, vicepresidente da Sociedade Española de Cirurxía Cardiovascular e Endovascular (SECCE) é o novo presidente da sociedade médica. Releva no cargo a Jorge Rodríguez-Roda, xefe de servizo de Cirurxía Cardíaca do Hospital Ramón e Cajal, de Madrid, que o foi desde 2022. O traspaso de funcións produciuse con motivo do XXVII Congreso da SECCE, que se celebrou estes días en Madrid.



“Este cargo supón unha responsabilidade e un compromiso para a nosa profesión, cuxo obxectivo principal é aumentar os anos de vida dos nosos pacientes, con saúde e calidade. Comprométome a traballar para lograr a excelencia da práctica cirúrxica e promover a formación continua e a investigación na nosa especialidade”, destacou. Ademais, sinalou que algúns dos seus obxectivos prioritarios como presidente son “aumentar a visibilidade da cirurxía cardiovascular e do traballo que realizamos dentro da sociedade” e “promover a colaboración co resto das especialidades médicas e cirúrxicas implicadas na abordaxe da patoloxía cardiovascular, para obter un enfoque multidisciplinar que mellore os resultados de saúde dos nosos pacientes”.

Legarra ten unha carreira profesional de máis de 20 anos e os seus campos de especialidade son o autoinxerto pulmonar, a revascularización miocárdica con dobre arteria mamaria, a revascularización miocárdica sen circulación extracorpórea, a cirurxía de aorta, o tratamento endovascular de aorta, a reparación valvular mitral e



valvular aórtica (técnica de David), a cirurxía cardíaca minimamente invasiva e a asistencia ventricular. Ademais da súa dilatada experiencia profesional no quirófano, ten un extenso currículo académico e investigador. Foi membro do Comité de Formación do Instituto Galego de Medicina Técnica de Vigo, titor de residentes de Cirurxía Cardiovascular (2004–2020), docente de programas de doutoramento na Universidade de Vigo e de cursos de experto en técnicas cardiovasculares avanzadas para enfermaría (2020/2022), na Universidade Francisco de Vitoria, de Madrid. Ata o ano 2022 foi docente no *Master of Advanced Cardiac Surgery* do Hospital Clínico San Carlos, de Madrid, e é revisor de la revista "Cirurxía Cardiovascular" desde o ano 2013.